

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado de Educación e Universidade con data 01/08/2023 e que literalmente di :

"Informe proposta para a adxudicación de subvención nominativa"

Recibidas do concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas as instrucións de inicio deste expediente de forma oral, deixase constancia por escrito nos termos do artigo 36 da Lei 39/2015.

Antecedentes

Primeiro.- No anexo de subvencións nominativas, aprobado definitivamente polo Concello Pleno o pasado 27.04.2023 e publicado no BOP núm. 86 de 08.05.2023, figura a seguinte subvención nominativa:

Adxudicataria : **COORDENADORA DE EQUIPAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA G70018536**

Importe: **6.500 €**

Obxecto da subvención: **financiamento do programa "Teatro con G 2023"**

Segundo.- Achégase proxecto de convenio informado pola técnica municipal de Educación e o xefe de servizo de Cultura, Educación, Deportes e Turismo segundo modelo aprobado por resolución do concelleiro delegado da área de Cultura, Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas de data 26.02.2018.

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Artigo 21.1. f) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ferrol (BOP n.º 200, 21 de outubro de 2019).
- Bases de execución do orzamento municipal.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público

Consideracións

O acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

O convenio proposto axústase ao modelo aprobado en data 26.02.2018.

Con data 26/05/2023 o viceinterventor fai unha serie de observacións ó informe-proposta de aprobación do convenio remitido polo que se procede a requerir á entidade para que se emende a memoria presentada de feito que non entre en conflito cun servizo público de xestión directa competencia desta propia Administración como é a programación cultural en todos os seus niveis.

Con datas 26/06/2023 e 13/07/2023 a Coordinadora complementa a Memoria, emitíndose informe ás alegacións presentadas pola técnica municipal de Educación o día 27/07/2023, informe no que se sinala que a contratación das compañías profesionais está plenamente xustificada dentro do conxunto das actividades subvencionadas, tanto pola relación entre o número de actuacións desenvolvidas polo alumnado e o número de actuacións das compañías profesionais como polo propio carácter pedagoxico para o alumnado participante nas actuacións *amateur*.

Visto canto antecede, e ao abeiro do artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, propónse á Concellería delegada de Educación, Universidade e Política Lingüística, a aprobación do seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e a COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGUISTICA para o financiamento do programa "Teatro con G 2023" por importe de 6.500 €.

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa á beneficiaria que se indica co seguinte detalle

- Beneficiaria: **COORDENADORA DE EQUIPAS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA G70018536**
- Obxecto da subvención: **financiamento do programa “Teatro con G 2023”**
- Importe: **6.500 €**
- Partida: **05003 3263 48000**
- Doc Contable: **RC núm.223101197 Ref: 625**

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- A entidade beneficiaria non ten pendente de xustificar ningunha subvención, nin se ditou contra esta entidade resolución declarativa da procedencia do reintegro de ningunha subvención ou perda de dereito ao cobramento dela por algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións; e non foi acordado, polo órgano que concede a subvención, como medida cautelar, a retención de libramentos de pago ou das cantidades pendentes de aboar ao beneficiario, referidos a esta subvención.

O punto cuarto anterior, refírese única e exclusivamente ás subvencións concedidas pola Concellería de Educación e Universidade”.

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe de Intervención.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Ferrol e a COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA para financiamento do programa “Teatro con G 2023” por importe de 6.500 €

SEGUNDO.- Outorgar a subvención nominativa á beneficiaria que se indica co seguinte detalle
 Beneficiaria: **COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA G70018536**
 Obxecto da subvención: **financiamento do programa “Teatro con G 2023”**
 Importe: **6.500 €**
 Partida: **05003 3263 48000**
 Doc Contable: **RC núm.223101197 Ref: 625**

TERCEIRO.- Suministrar a información sobre a concesión á Base de Datos Nacional de Subvencións.

CUARTO.- Notificar ao COORDENADORA DE EQUIPAS NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA a **Resolución comunicando** que o prazo para que se presente a documentación xustificativa da subvención finaliza o 31.10.2023

Ferrol,

Dou fe,
O secretario xeral